

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 176 — 1.º XANEIRO 1923

1923

Ano novo, vida nova. Así di o refrán. ¿Virá para Galicia, este ano que agora comenza, a nova vida que os nacionalistas arelamos? Non. E seguro que non. O ano que agora comenza será un paso mais, non o derradeiro, para chegar á nova vida por nos cobizada. ¡Queira Deus que sexa un paso longo! Mais a liberdade da Patria, que tal é para Galicia a nova vida, non virá co ano que entra. Aínda hai moitos galegos que non entenden a patriótica voz dos «rumorosos» que cantou o bardo.

Pero nós xá sabíamos que non sería n-este ano cando o noso problema fora resolto. Xá sabíamos nós que seis anos non eran d'abondo para o resolver. Pero sabemos tamén que cada ano que pasa é un novo trunfo para o ideal nacionalista e que as filas do exército galego engrosan cada ano en maior número. Por eso o que agora comenza será un ano en que o noso ideal conquerrá mais éxitos que nos anteriores. Será un paso mais no camiño da nosa liberación. E nós non estamos cansos. Cada día é maior o noso entusiasmo e de cote afirmámonos en que a verdade está con nosco. A dificultade é a que infunde en nós as mais grandes enerxías e a que nos dá azos para a loita que temos emprendida. Non temos presa e mais queremos ir paseniñamente porque sabemos que ao final o noso trunfo será mais seguro, mais sólido e mais real. E chegará un día, virá un ano, que traxerá para nós a nova vida. Entón o refrán terá efectividade para a Nosa Patria.

Namentras cómprenos, ao començar un ano que para nós será un novo éxito, desexarlles moitos aos irmáns d'outras terras que loitan pol-o mesmo ideal, e aos nacionalistas galegos de todas as organizaciós pedirllas non acouguen no espallamento da Santa Idea, Ideal patriótico que espiritualmente nos axunta.

Pol-o que fai a nós nada faranos trocar o camiño que nos trazamos e con un entusiasmo e unha fé cada vez mais grandes loitaremos sin repouso hasta conquerir para a Nosa Patria a nova vida que arelamos.

¡TERRA A NOSA!

AOS NACIONALISTAS GALEGOS

Aínda sendo «A Nosa Terra» o órgano oficial das «Irmandades da Fala» que teñen o seu programa completamente definido e o seu camiño trazado, nas columnas da nosa revista publicaránse todos aqueles traballos que encol de orientaciós do nacionalismo enviennos cantos

nacionalistas queiranno facer, entendéndose sempre que o que nos artigos se diga será da exclusiva responsabilidade dos firmantes.

Este mesma observación facemos para os artigos publicados encol do mesmo asunto nos derradeiros números.

INSTANTES

Ao irmao Lúgrís Freire.

Na paisaxe

Só, acougando no íntimo as sensacións do día, merguillado en escuridade de brétema, desenrolábase do meu cerebro a lónxa espiral do camiño, en serpenteadoras proyeccións cinemáticas.

¡O mar! O mar era un inmenso anaco de lapislazuli onde o sol cubría unha vena de fogo, lume, sangue do sol ía caindo mainamente até o centro da terra, non morría, suicidábase o sol crebando n'un bárbaro esforzo o seu corazón.

Logo... As montañas, os rudos cumios bravíos escachándose ena arela de bicaren o mar.

Cal unha fóbrega esnaquizada convulsioábase a serra.

Beatitude primeira de velas brancas, na concreción do mar cal efímeras folepás de neve.

A súpeta galgada dos piñeiros.

Logo unhas mulleriñas de xesto estáteco plasurado n-un ademán de aglayo.

Cal fondo precipicio, un val verdecente, que non que-re o Sol, e vive da Lua.

...Lanzado en vereas de fadiga... Eu...

Lume na noite

E a hora mais bermética da noite. Súpetamente atrona o val un brado dos inos botados a rebato.

E unha chamada imperativa qu-esperta a todol-os ve-ciños.

¿Onde é? ¿Onde é?

Pol-as congostras durmidas, resoa o bataleo dos zocos que corren sen acougo. Unha saraviada de medos espallan.

Cando chegan xá a casa é unha fogueira, alumeante cal un anaco de Sol.

Estralan tráxicamente os pontóns ardendo.

Hai un vulturno que pón medo nas almas.

O amo da casa. Un velliño labrego, sentado encol das roupas que puido ceibar do lume, láméntase.

—¡Santo Dios! ¡Qué desgracia! ¡Santo Dios!

O probe xá non ten bágoas que chorar.

Unhas mulleriñas, arredéano con xestos de compasión, mudos, hieráticos.

Dous mozos arriscados entran no lumeiro coa decisión d-un nadador que se bota ao mar.

Ceiban un berce xá feito brasas.

N-iles converxen todol-os mutismos de xenerosidade.

—¡Auga! ¡¡Auga!!

Berran asomándose á fenestra.

Os pirmeiros valdes que botan poñen no silencio, un estremecimento de carne ardida.

Na campía escurecida, a casa ardendo, somella ao lonxe, unha estrela guindada, baixo a surrisa da Lua.

D silencio en pé

De novo chamaron aínda con mais forza, e ao soido las petaduras, siguen unha breve ondulación de tempo valeiro de voces humanos.

—Non debe de haber nada—aventurou busteira unha

mulleriña—. ¡Santo Dios! ¡Dempois de tan longo viaxe!

—Agardade—resolheu outra—. E indose ao portalón, turrou con toda a forza do petador no intre de varios segundos berrando:

—¡¡Abran!! ¡¡¡Abraaan!!!

Outra laguna de quietude cal no acougo da casa inter-rumpido uns instantes, cortado pol-as intermitentes chamadas, voltara ao seu estaticismo normal.

—Chamade outra volta.

¡Nada! O silencio da casa era irrompíbel, rebotaban n-il cal nun aluciante escudo, reitas como olladas de mal, as pedradas das petaduras, fúlxidas cal lanzazos de Sol, as fortes sonoridades dos berros.

A voz que se non oublia, era a alma momificada de aquel silencio, crucificada baixo a gloria do día n-un sangrante sa-greficio forzado e bárbaro.

Branco silencio de xelo. O marmurio durmido que fai do día unha ampla caracola mareira chea de soidos lontan-os, era o silencio en pé, o silencio esporto baixo o Sol que estoura en raios de sangue, o silencio mozo que se abre en círculos-de captación até o ceo.

Endexamais nas horas medofentas, nas horas de an-guria, en instantes cheios de escuridade e misterio, tén o silencio tal puxanza atlética, como no pleno día, cando ha-bita os longos corredores das casas desertas.

Rondel

Afógase a alma presa na húmida rede da chuvia.

Badaladas tristesiras choran por un morto que acaban de enterrar éste mesmo serán.

Ao longo das rúas molladas e ispidas, pasa un bafo xe-lido de vento invernal, que fai estremecer o longo despru-mar das horas en procesión pitagórica.

Nos vidros da fenestra, están paradas as bágoas do ceo. Un choro estático.

Hai n-éste instantes de malenconía, a añoranza das cousas mortas.

A súa lembranza, perside ésta mágoa que aspira a eter-nizárese.

*Il pleut dans mon coeur
comme il pleut sur la ville...*

Verlaine, o poeta das vaguedás, tén un desgarramento sensibilizante n-éste horas de brétema. A súa voz esquen-cida canta nas lexanías do noso corazón apagado, unha ba-lada familiar.

¡Sigue chovendo.

Monotonía porfiada que capta o noso espírito n-un ciclo d-eternidade.

En levians ondulacións de sentimento, o noso corazón, en rutas sombrizas, aboya no ár, cal a chuvia a impulsos do vento.

L. AMADO CARBALLO.

Pontevedra.

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

COUSAS

O outro día un galego imbécil, dos que aínda hai moitos, decía para combatir o nacionalismo: "*Yo hablo castellano. Soy centralista. ¡Viva España!*" Seguramente que se non decatou do que decía.

Falar castelán un galego é demostración de non ser nada. Sobre todo cando se fala con fachenda como o "galego" de marras. E digo que é non ser nada porque considero sin a menor importancia, sin valor ningún, a un individuo que tendo un idioma propio que nada téñ que envejar a ningún outro, sinte orgullo falando n'un idioma alleo, imposto á forza e por medio do cal foi perdendo parte da sua alma o pobo onde naceu.

Demostra carecer en absoluto de sensibilidade espiritual e eso ¿qué é senón non ser nada? E non val alegar ignorancia por canto dirixíase a un nacionalista que significa o contrario do que él decía e a quen con seguridade díxolle aquelas parvadas co exclusivo ouxeto de ofendel-o.

Ser centralista un galego é non téñ a menor idea do que como tal galego representa, pois ben demostrado está que o centralismo é o mais grande enemigo do progreso galego. O centralismo é o coitelo criminal que nos asesina. Sér centralista é estar conforme con que nos rouben todo o que temos propio o mesmo no orde moral que no material. Un galego centralista, sobre todo partidario do centralismo actual, é un suicida, anque él non se decate.

Decir hoxe ¡Viva España! é declararse defensor de todas as enormidades que ao amparo d'esas verbas véñense cometendo. Quer decir estar conforme co'a morte de miles de hespañoles que con aquel berro por bandeira deron a sua vida en Africa. Significa o desexo de que siga vivindo a Hespaña actual con todas as calamidades que todo hespañol conoce pero que non pon nada da sua parte para as remediar. Significa... calqueira que non esteña apegado ao presuposto sabe perfectamente ao que equivale decir hoxe ¡Viva España! E decir que siga vivindo un pobo que é unha mancha moura na historia da civilización moderna.

O chamarnos nacionalistas, ademais da razón que temos para sel-o, sírvenos para nos diferenciar dos galegos que pensan como o que me deu pé para escribir estas liñas. Porque o nacionalismo é o reverso do que él decía. Polo mesmo penso que aínda que chamarnos nacionalistas no signifícase mais que eso, xá val a pena de se chamar así, pois hai a seguridade de que endexamais nos confundirán con parvos como o do ¡Viva España!

* * *

Preguntábame un amigo por qué os nacionalistas non intervínamos na comedia de pedir responsabilidades polo desastre de Marrocos.

Certamente que é lamentable que esteñan morrendo galegos na loita que Hespaña sostén cos mouros. Pero nós non temos a culpa. Si todos os galegos fosen nacionalistas, é seguro que non morrería ningún. Eu sei de moitos rapaces que voltaron de Africa falando galego e botando maldicións contra quen obrigoulles a ir aló. Algúns d'ellos viñeron nacionalistas convencidos. De maneira que nós al-

go viñemos sacando en limpo. A nós débemos alegrar cantos mais fracasos teña o Estado hespañol, porque éste é enemigo noso declarado.

Ademais, os galegos, e sobre todo os galegos nacionalistas, somos hespañoles accidentalmente. Espiritualmente considerámonos arredados da Hespaña actual. ¿É quen pode asegurar que mañán non o estemos materialmente? Eu creio na posibilidade.

Estás son, ao meu entender, algunhas das razóns de por qué os nacionalistas non temos papel na farsada cómica dramática que agora estase representando na Hespaña.

VICTOR CASAS.

Política republicana

O partido republicano da Cruña acaba de dar un espectáculo vergoñoso, indino da sua tradición e sobor todo, da tradición d-esta cidade, sempre berce de democracia e galeguismo. O partido republicano téñ unha organización oficial, e isa organización chámase "Casino Republicano". Esa sociedade republicana téñ unha Directiva, que se elixe todos os anos no segundo domingo de Nadal. Na xuntanza d-este ano a Directiva que finaba foi requerida para que explicase as causas que motivaron o silencio do partido republicano na protesta unánime de Galicia enteira contra das cacicadas de Guillarey, e o presidente dixo que nada fixera porque non se enterara de nada, e ademais non era da incumbencia do partido facer protesta ningunha.

Este incidente poidera non ter importancia, porque a besta brava que foi capaz de vomitar tal herexía, foi arrexiado inmediatamente con un voto de censura. Pero que non téñ nome nin perdón, o que quedará sempre coma un estigma de vilipendio e deshonor, é o feito de que no domingo seguinte foi reelegida por unha gran maioría a Directiva sainte co mesmo presidente.

Nós nada temos que ver nos pleitos internos do partido republicano. Alá eles si queren ter un presidente que non se entera de nada, que non sabe nada de nada, que téñ unha grosería sin fronteiras, que xa n-outroza matou a "Tierra Gallega", xornal republicano, repudiado n-un xesto de elegancia espiritual por todas as persoas de bon gusto que non podían leer sin noxo as indecencias d-ese señor. Un señor que despois d-un voto de censura aspira a unha reelección é un rufián sin sensibilidade moral; é o organismo que o elixe é un organismo sin decoro e sin pundonor. Pese a todo esto, ese pleito interno seguiría sin íntresarnos.

Pero o que non podemos deixar pasar sin a nosa mais rexa protesta, é que o partido republicano reelixa un presidente antigaleguista, un desleigado qu edeshonra á nosa Terra. Nosoutros temos que protestar de que a dirección do partido republicano sexa abandonada en mans de xentes antigalegas e de xentes que confunden a democracia coa borrachera.

Nosoutros, en nome de Galicia e do bon gusto, protestamos contra d-ese espectáculo vergoñoso. Mais a nosa protesta non vai contra os trunfadores, sinon contra dos republicanos que sintíndose galegos toleraron a consumación d-ese escarnio.

En poucas verbas

Na Cruña hai un xornál que se titula él a si mesmo "El Ideal Gallego", (?) en cuia cabeza campa a verba "rexionalista". Este xornál, unhas veces maniféstase como rexionalista extremado e outras como o mais fervente defensor do centralismo. Nunca estivo conforme cos nacionalistas, porque, según él, somos "separatistas" e ten dito que a culpa dos sucesos do Sobredo e outros anteriores é dos propagandistas do agrarismo que predicán nos labregos ideas revolucionarias. Pero a veces contradécindose con esto publica artigos de Calvo Sotelo que son, polo menos no que eles dí, nacionalistas furibundos, e cos que se atopa conforme.

O outro día decía que xá non é somentes en Catalunya e Vasconia onde hai rexionalismo, ademítanos a verba que emprega, sinón que tamén haino en Galicia. Pois nós, señores de "El Ideal ¿qué?" non sabemos en Galicia de outro *regionalismo* que non sexa o nacionalista. El foi o que provocou a conmoción actual e o movemento agrario tén na actualidade un carácter francamente nacionalista.

¿Estamos conformes? Pois hai que se definir que esa postura non convence a ninguén.

Por algo a "Confederación Regional Agraria", entre os xornás a quenes declarou o "boicot", incruíu ao "Ideal Gallego" (?).

* * *

A asamblea maurista celebrada agora en Madrid, tomou diferentes acordos de gran intrés para a resolución do problema nacionalista ou rexionalista na Hespaña. Entre eles figura a concesión d'unha autonomía ampla e a cooficialidade dos idiomas. Esa é a maneira de afrontar como é debido o problema das nacionalidades que forman o Estado hespañol, que afortunadamente vai cundindo con intensidade en todas elas.

Os acordos tomados pol-os mauristas e que dende agora figurarán no seu programa, son merescentes do noso aprauso e son ao mesmo tempo unha lección para outros partidos políticos hespañoles que se tildan de modernos e democráticos.

Exemplo: Os liberais e os republicanos de Lerroux que agora síntese imperialista.

Por certo que un señor que se chama Andrade e que foi director xeneral dos Rexistros, protestou en nome dos mauristas de Burgos contra aqueles acordos, decindo que non se debe tolerar a cooficialidade do castelán cos *dialectos derivados de aquel idioma*.

¡Vaites, vaites! ¿Conque *dialectos derivados del castellano*?

Non é esta unha proba mais da hexemonía que os castelás queren exercer sobre os demais pobos?

Supoñemos que os mauristas decataranse da estúpida parvada do señor Andrade e dos elementos mauristas d'aquel pobo castelán.

* * *

No "Salón Teatro", de Santiago, e representadas polo "Cuadro Escolar", estrenáronse dúas obras do profesor de Literatura D. Manuel Vidal.

Unha d'elas é un drama titulado "El abuelo", escrito en castelán.

A outra titúlase "De quién é a vaca?" e trátase como se ve d'unha "cousa" galega.

O Sr. Vidal ten escrito en galego moitos contos, por certo que sempre nos pareceron cousas ben cativas para escritas por un señor profesor de Literatura.

Agora, o estreno d'estas dúas obras en Santiago próbanos o que xa sospeitábamos. O Sr. Vidal é dos que cando quér facer unha cousa fina, usa o castelán, e reserva o galego para as choqueiradas.

E unha maneira de facer ver que o noso idioma non presta para nada.

Ben é verdade que outros, que realmente teñen talento e conocen á fondo a fala galega, demostran o contrario.

E ahí están, entre outras, as obras do Sr. Cotarelo, tamén catedrático de Santiago, que proban o que dicimos.

* * *

Non nos engañábase cando fixemos a notiña anterior. Fumos a ver no Linares Rivas a obra do señor Vidal Rodríguez "¿De quién é a vaca?", e vimos confirmada a nosa sospeita. Eso que o seu autor chama obra de teatro é unha choqueira indecente, terriblemente pesada e insulsa, sin gracia ningunha e ategada d'unha colección de disparates e barrabasadas que producen no que teña a desgracia de vel-a unha repulsión enorme hacia o seu autor que despois de escribirla debeu quedar satisfeito e orgulloso da súa obra.

Non hai dereito a virnos con estupideces como esa, agora que o teatro galego rexurde vigorosamente e están aparecendo novas obras de gran mérito. Con ela representaron outra obra titulada "O "sí" de Gabriela", da cal o millor eloxio que podemos facer é decir que aínda é peor que a outra.

O excaso público que acudiu á representación acolleu as obras moi friamente e algunhas veces manifestouse con lixeiros "pateos" en contra d'elas. En nome do bón gusto recramamos do señor Vidal que non volva a facer mais obras si han de ser como as dúas que comentamos, pois en troques de nos favorecer perxudicanos grandemente. Isto é francamente intolerable n'un profesor de Literatura. Si nas clases maniféstase tan "culto" como nas súas obras, ¡pobres rapaces!

A pesar do esforzo que fixeron os rapaces que as representaron non conqueriron nada no favor d'elas, porque xá de por sí son francamente detestables. Aconsellamos ao cuadro de decramación que as dá a conocer que cando sallan con obras galegas por Galicia adiante, como agora, escollan outras obras, pois co'as que se presentaron demostran carecer en ausoluto do primeiro que se necesita para esta labor, que é ter bon gusto.

* * *

A maoría dos hespañoles, despois d'unha detida ollada á Lista da Lotería do Nadal, dixo sospirando: ¡Viremos para o ano!

E que os hespañoles de hoxe, en forza de sufrir desastres na guerra, nos camiños de ferro, na vida económi-

ca e social, etc., etc., somente agardan a propia salvación no milagre da sorte.

¡Así estamos de locidos!

¡Ah! ¡Se cada un empuñara unha eixada ou un martelo e vira no traballo a redención, outra cousa sería!

Poida que inda abondara con botar man á un fungueiro...

* * *

A pesar de que o francés é o idioma "oficial" da Bélxica, a Cámara de Diputados acaba de votar a flamenquización da Universidade de Gante.

¡Se estarán tolos os deputados belgas!

Eso de voltar ao vello idioma xa esquecido por todas as xentes eultas; eso de dificultar o coñecemento da ciencia e da literatura aos alleos se novamente rexurde o flamenco; non será a morte da Bélxica que así se pecha dentro de sí mesma?, din algúns xornaes hespañoles.

Nós, entendemos que, pol-a contra, eso significa a afirmación da nazionalidade belga; eso é a exaltación do que ten mais de seu un pobo, que é a maneira de expresión; eso, por romate, quer dicir que facéndose o ensino nun idioma alleo ao pobo, a cultura popular ten que ser inferior, rudimentaria, porque a instrucción non pode chegar ás masas populares que usan a lingua materna.

Por eso os belgas queren que na Universidade se ensine na fala do país.

O moimento a Curros

Ao fin vai a ser un feito a erección do moimento ao gran Curros na Cruña. A Academia Galega recibiu xá os cartos que se xuntaron en Cuba e na Arxentina. Xá se vai anunciar o concurso para a exposición de proieitos.

Encól d'este asunto de gran intrés para Galicia déramos a nosa opinión aínda non fai moito tempo n'estas mesmas columnas. Queremos hoxe novamente insistir sobre o mesmo. Pensamos que de ningunha maneira, non hai razón para que o faga, debe ser a Academia de San Fernando a que designe cal ha de ser o proieito que se leve á práctica. Non, non e non. Seríamos indignos de nos chamar galegos si o consentíramos. Curros era galego, un galego que eixaltou á nosa Terra, o moimento vai ser erixido en Galicia por suscripción feita entre galegos e non debemos tolerar a intromisión n'este asunto de ninguén que non sexa galego. Repetimos que non debe ser así e ordeamos, co'a forza que nos dá a razón, a quen compita, a Academia Galega, que non consinta que se leve á práctica ese feito que constitúe un aldraxe para os galegos e para a personalidade da nosa Terra.

A opinión galega expuso ben craramente n'estes derradeiros meses, que debía ser Asorey quen fixera o moimento. A nós parécenos tamén que debía ser él, mais si se quere dar mais amplitude ao asunto non estamos discon-

Afamado.—Sonado (de sona), acretado (de creto).

Afamar.—Dar ou coller sona.

Afán.—Afoto, esforzo, arela, acucia.

Afanar.—Afotar, acuciar, arelar, alentar, azacananar.

Afanoso.—Afoteiro, trabaloso, causo, acucioso, cobizoso, azacán, afoto.

Afear.—Afeocar.

Afección.—Afeizón, doenza, lei, querer, anoto.

Afectación.—Afetazón, finximento.

Afectar.—Afetar, finxir.

Afecto.—Afición, querer, querencia, estima, leal.

Afectuoso.—Querendoso, afagadeiro.

Afeitar.—Afeitar, facer a barba.

Afeite.—Enfeite.

Aferrar.—Apreixar, afinar, teimar.

Afianzar.—Afinar, termar, afianzar.

Afición.—Querencia, lei.

Aficionado.—Amigo, afeiroado, amator.

Aficionar.—Facerse amigo, amar, afeizoar, afacer.

Afilado.—Afiado.

Afilador.—Afiador.

Afilar.—Afiar, adoar.

Afinar.—Afinar, adelgadar, acaer.

Afirmar.—Afirmar, abofellar, termar, afinar.

Aflicción.—Afrizón, acoramento, dór, desalento, mágoa.

Afligido.—Afrixido, acoitado, acorado, dórido.

Achispado.—Bébedo.

Achuchar.—Apurrar, encerrar.

Adagio.—Adaxio, refrán.

Adaptar.—Axeitar, acomodar, afacer.

Adefesio.—Choqueiro.

Adelantado.—Adiantado.

Adelantar.—Adiantar, atallar, abancar, mellorar, medrar.

Adelanto.—Adianto, melloría, atallo.

Adelgazar.—Adelgadar, enmagrecer, aguzar.

Ademán.—Aceno.

Además.—Á mais.

Adentro.—Adentro.

Adepto.—Adepto, partidario.

Aderezar.—Amañar, compor, endereitar.

Aderezarse.—Comporse, endereitarse.

Aderezo.—Aderezo, guarnecemento.

Adeudar.—Adeudar, deber, emparentar.

Adherir.—Aferir, adherir, axuntar, unir, pegar, conformar.

Adhesión.—Aferisón, adhesión, lei, apego.

Adición.—Adición, engadega, aditamento.

Adicionar.—Adicionar, engadegar, engadir, axuntar, acrescentar.

Adicto.—Adito, apegado.

Adiestrar.—Adestrar, ensinar, exercitar, guiar.

Adinerado.—Adiñeirado, achinado.

Adiós.—Adiós, adeus, abur.

Adivinar.—Adiviñar, acertar.

Adivino.—Adiviño, naipeiro, meigo, agoireiro.

formes con que se abra un concurso entre escultores e arquitectos galegos, nada mais que galegos. O xurado que designe o proxeito pode ser, ou ben a mesma Academia ou un conxunto de artistas galegos que os temos ben capacitados para poder dar o fallo, que así será mais xusto e mais en relación co asunto de que se trata. Ou ben, as dúas cousas xuntas.

Resumindo a nosa opinión: o moimento debe ser feito por un artista galego e o xurado debe ser galego tamén, non consentindo a intromisión de ninguén que o non sexa.

Os nacionalistas galegos pedimos que así se faga e agardamos que o bon sentido imponerá e non se fará d'outra maneira xa que non somos nós soios ao pedir senón que o pediu a opinión galega varias veces manifestada. Si así non se fai, si se tolera un aldraxe mais á nosa Terra, nós tomaremos tamén as nosas determinacións e por todol-os medios que sexan, legais ou ilegales, non consentiremos que prospere tan descabellada pretensión que todol-os galegos, que sintamos un pouquiño orgullo de selo, debemos repudiar.

Pensen ben n'esto os que teñan nas súas máns a resolución d'este asunto e agardemos a solución que se lle dá, que desde logo non consentiremos si non ha de ser tal como o caso require.

Papel de fumar

N O R O E S T E

Adjetivo.—Adxetivo.
Adjudicar.—Adxudicar, donar.
Adjuntar.—Adxuntar.
Adjunto.—Adxunto, acaroado, pegado.
Adjurar.—Adxurar, conxurar.
Administración.—Administración.
Administrar.—Ademinar, rexir, gobernar.
Admirable.—Ademirabile.
Admiración.—Ademiración.
Admirar.—Ademirar.
Admisión.—Ademisión, acetación, receición.
Admitir.—Ademirar, acoller, permitir, sufrir.
Adobar.—Adubar, curtir, estrumar, arranxar, guisar.
Adobo.—Adubo, mollo, prebe.
Adolecer.—Adoecer, adoentar, mancar.
Adolescente.—Mozo, novo, adolescente.
Adonde.—A onde, onde.
Adopción.—Adopzón, ademisión.
Adoptar.—Adoptar, acetar, admitir, escoller, seguir, adoutar.
Adoptivo.—Adoptivo, adoutivo.
Adoración.—Adorazón, adoramento.
Adorador.—Adorador, adorante.
Adorar.—Adorar.
Adormecer.—Adormentar, afroxar, acougar.
Adormidera.—Adormideira.
Adormilarse.—Adormexarse.
Adormitarse.—Adormiñarse.

TEATRO GALEGO

Escola Dramática Galega

Con outro abarrote no local da "Irmandade" foi repetida "A Ponte" o día 17. O mesmo que o domingo anterior a obra saíu admirablemente representada, colleitando grandes aprausos os rapaces que a levaron á escena e o seu autor, noso irmán Lugrís Freire, que foi chamado ao escenario ao final dos actos.

A xente sigue acudindo ás veladas cada día en maior número e con mais entusiasmo.

* * *

Diante d'un público moi numeroso representouse por terceira vez no local da "Irmandade" o drama de Lugrís Freire "A Ponte".

Como as veces anteriores, a obra gustou moito, sendo moi apraudidos o seu autor e os rapaces que a interpretaron.

Castelao e Risco a Barcelona

A fins d'este mes irán a Barcelona os nosos queridos irmáns Alfonso Castelao e Vicente Risco, Conselleiro Supremo da I. N. G. Castelao vai facer unha exposición da súa arte xenial no Ateneo da capital da Catalunya e él e mais Risco darán varias conferencias encol do nacionalismo galego e da nosa arte.

Parécenos moi ben este viaxe, que servirá para estreir-

Adornar.—Adornar, guarnecer, compoñer, enfeitar, alaxar.
Adorno.—Adorno, adornamento, guarnecemento, arreo.
Adosar.—Adosar, encostar, apoiar, acaroar.
Adquirir.—Adequirir, outer, lograr, chegar a ter.
Adquisición.—Adequisición.
Adral.—Cainzas, canizos, ladriras.
Adrede.—Adrede, amantenta.
Aduana.—Alfándega.
Aducir.—Aducir, aduser.
Aducñarse.—Adoñarse.
Adular.—Adular, afagar, enganar, paraxismar.
Adulterar.—Adulterar, mesturar.
Adulterio.—Adulterio.
Adulto.—Adulto.
Advenedizo.—Advendizo, aventadizo, forasteiro.
Adverbo.—Adverbo.
Adversario.—Adversario, nemigo.
Advertencia.—Adevertencia, aviso.
Advertido.—Avisado.
Advertir.—Adevertir, decatarse, avisar, decatar, percatarse.
Aéreo.—Aéreo.
Aerolito.—Gacho.
Afabilidad.—Afabilidade.
Afable.—Afable, falangueiro, afagadeiro.

tar mais as xá cordiás relacións que existen entre os nacionalistas galegos e os catalás.

Castelao e Risco colleitarán moitos trunfos en Catalunya, onde as cousas de Galicia son olladas con gran interés e con verdadeiro afeito de irmandade.

• Bón viaxe e a nosa embora.

Un homenaxe a Enrique Peinador

O pobo de Mondariz rendiulle un sinxelo e entusiasta homenaxe de cariño ao noso distinto e querido irmán Enrique Peinador, propietario do balneario d'aquela fermosa vila.

O motivo do homenaxe foi os moitos beneficios que Peinador tenlle feito a aquel pobo, no que téñen postos os seus cariños. O homenaxe resultou un acto sinxelamente encantador.

Peinador, que é un gran patriota, é merecedor d'un homenaxe grandioso de todol-os galegos. Ninguén como él que leva acceso no corazón o amor á Terra é mais acreedor a un homenaxe de toda Galicia pol-a enorme labor galeguista que dende Mondariz está realizando.

Da Cruña enviáronse varios telegramas de adhesión ao acto, entre eles un da "Irmandade da Fala".

Nós, que queremos entrañablemente ao irmán Peinador, asociámonos tamén con toda efusión e sinceridade.

LECTURAS

"Céltiga".—Ferrol.

"Un ollo de vidro", Castelao.

A editorial "Céltiga", de Ferrol, que está facendo unha gran labor cultural publicando todol-os meses un tomiño con noveliñas, obras teatrás e coleccións de versos, acaba de pór á venda 100 exemplares encuadernados moi luxosamente da xurdía humorada do noso gran Castelao "Un

ollo de vidro", que recentemente publicou "Céltiga" en encuadernación corrente e que se venderon de camiño. Xá entón falamos do que é a obra de Castelao.

Os 100 exemplares feitos agora están editados con un gusto esquisito, levan 8 dibuxos, tamén de Castelao, a súa firma ao final do libro.

Véndese o exemplar a cinco pesetas e ben merece este precio a obra que é verdadeiramente xurdía en todol-os aspectos. O mesmo polo texto que pol-os dibuxos e pol-a impresión. "Un ollo de vidro" tan maravillosamente editado non debe faltar en ningunha biblioteca galega, pois é unha verdadeira xoia da nosa literatura.

Os editores de "Céltiga" fixeron un alarde de bón gusto merecedor de aprauso, que nós tributámoslles sinceramente con unha felicitación entusiasta e cordial.

"Nós".—Ourense.

O número 14 vén moi interesante.

Publica traballos de Otero Pedrayo, Teixeira de Pascoaes, Blanco Amor, Bernárdez, Xoán Aznar, Euxenio Montes, A. Villar Ponte, Risco, Arias Sanxurxo e Peinador. A sección "Os homes, os feitos e as verbas" e un dibuxo de Fernández Mazas.

Dende o número 13 "Nós" aumentou as páxinas e sál agora con toda normalidade. Cada número de "Nós" é un novo éxito para os seus editores e cada día é mais leído.

A nosa embora cordial.

Fume vosté con papel

NOROESTE

Lea vostede o próximo número de
A NOSA TERRA

Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do **Brasil, Montevideo e Buenos Aires**
Próximas saídas da Cruña

Vapor correo **Xeneral Belgrano**

Ademitando carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira especial: **Ptas. 482'10**

Id. id. id. ordinaria: **» 407'10**

(Incluídos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baixo — A Cruña

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña, mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
ploma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE.

F. Bertran e Mirambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA ——— PAPELERIA

IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUÑA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida de Cruña e un dos estable-
cimentos da súa cras que máis honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

"La Encajera Española"

Fábrica de encaixes de fio
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás-
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUÑA

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugó e Orense

Quen non teña luz eléctrica pódea ter aínda máis
brillante e branca pol-o ACETILENO, producida
pol-o xenerador e totalizador helióxenos. Novo
aparato hispano-argentino sistema

FREY-TORS e GONZ-LAG

Premiado na exposición do centenario Arxentino en 1910.
Gran diploma d'honor na Exposición Muestrario da Cru-
ña en Agosto de 1919

Liras, Tulipas, Boquillas, Brazos e Arañas

Venda de Carbuos

FREIXEIRO e FILLO - Cordoneria, 10, baixo - A CRUÑA